



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 19 de maio de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

#### **2.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO EXTRAORDINARIO - "PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020" (COVID-19). EXPTE. 194514/301.**

Visto o informe de fiscalización do 18/05/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.12.2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*«PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 194514-301).*

*SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.*

*TERCEIRO: Autorizar o gasto de 922.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2020 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares, arranxos de pequenas averías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación.*

*CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».*

II. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

III. O 14.03.2020 apróbase o RD. 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Catro días máis tarde publícase no BOE o RDL. 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó grave impacto económico e social do COVID-19 que, entre outras medidas, permite ás Corporacións Locais destinar o superávit orzamentario do exercicio de 2019 para financiar as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 06:15	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A8A74B-C9DCB6-5H87E8-PS69ZD-U871WP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

axudas económicas e todas as prestacións de servizos incluídas na política de gasto 23 («*Servizos Sociais e promoción social*»).

IV. O Servizo de Benestar Social utilizou esta vía de financiamento ó principio do estado de alarma solicitando as modificacións de créditos orzamentarias precisas para levar a cabo as actuacións necesarias en orde a protexer ás persoas máis vulnerables e/ou en risco de exclusión social na situación actual.

En concreto, leváronse e estanse levando a cabo actuacións tales como:

- 1) Reforzo dos servizos de carácter domiciliario en todas as súas modalidades; especialmente os dirixidos ás persoas maiores.
- 2) Incremento e reforzo dos dispositivos de teleasistencia domiciliar municipal.
- 3) Creación e reforzo de dispositivos específicos de atención a persoas sen teito.
- 4) Reforzo das plantillas dos Centros de Servizos Sociais.
- 5) Contratación de entidades e/ou empresas prestadoras dos servizos necesarios para a atención ás persoas durante esta pandemia.
- 6) Concesión de prestacións económicas a persoas e familias para garantir a cobertura das súas necesidades básicas.
- 7) Outros gastos que polos servizos sociais municipais se consideren imprescindibles e urxentes nesta situación excepcional.

V. A resultados do anterior, o 14.04.2020 iniciouse pola Concellería de Política de Benestar Social a tramitación dunha modificación de crédito con cargo ó superávit do exercicio de 2019 para facer fronte a esas novas necesidades derivadas do COVID-19 e na que se incluía un incremento de gasto en concepto de axudas AEM (Exp. nº 198201/301).

Nesta primeira modificación de crédito propúxose o incremento en **300.000€** da aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 («*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*»), dotada inicialmente con 922.000 €.

Aplicación orzamentaria	Nome	Modificación	Importe
2310.130.0010	Persoal COVID-19	C. Extraordinario	160.000,00€
2310.160.0010	Seg. Social Persoal COVID-19	C. Extraordinario	60.000,00€
2310.227.9910	Xestión COVID-19	C. Extraordinario	350.000,00€
<b>2310.480.0000</b>	<b>Axudas a familias e fondo emerxencia</b>	<b>Suplemento</b>	<b>300.000,00€</b>

Esta modificación orzamentaria (nº 26/2020), por importe total de 870.000€, foi aprobada por Resolución da Alcaldía – Presidencia do 21.04.2020 (Exp. nº 146/143).

VI. O 06.05.2020 iniciouse a tramitación, coa mesma xustificación e finalidade, dunha segunda modificación de crédito, tamén con cargo ó superávit de 2019, por importe total esta vez de **600.000€**, dos que 500.000€ incrementarían aquela aplicación nº 2310.480.00 (Exp. nº 199277/301).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 06:15	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A8A74B-C9DCB6-5H87E8-PS69ZD-U871WP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Aplicación orzamentaria	Nome	Modificación	Importe
2310.227.9910	Xestión COVID-19	Suplemento	100.000,00€
<b>2310.480.0000</b>	<b>Axudas a familias e fondo emerxencia</b>	<b>Suplemento</b>	<b>500.000,00€</b>

Esta modificación orzamentaria (nº 33/2020), por importe total de 600.000€, foi aprobada por Resolución da Alcaldía – Presidencia do 15.05.2020.

VII. Tendo en conta que o gasto autorizado no momento da aprobación do Programa de axudas para 2020 era de 922.000€, procedería agora que a Xunta de Goberno Local, dacordo coas bases aprobadas, autorizase expresamente o maior gasto representado por esas dúas modificacións orzamentarias.

VIII. Pola materia obxecto deste expediente, a súa aprobación polo órgano competente municipal estaría expresamente abeirada polo RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), que estableceu con carácter xeral a suspensión da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos de tramitación dos procedementos administrativos, a non ser a daqueles referidos a situacións estreitamente vencelladas ós feitos xustificativos do estado de alarma e os indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4).

No mesmo sentido exprésase, para o ámbito interno do Concello de Vigo, a Concellería delegada de Xestión municipal na súa “*Nota informativa suspensión de prazos administrativos (Estado de Alarma RD 463/2020 e RD 465/2020)*”, do 20.03.2020 (Exp. nº 788/1102).

IX. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Acordar, ó abeiro do previsto na Disp. Adic. 3ª, Apdo. 4, do RD.463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (modificado polo RD.465/2020, do 17 de marzo), a continuación do procedemento incoado para a aprobación do gasto extraordinario habilitado en virtude das modificacións orzamentarias núms. 26/2020 e 33/2020, para a concesión de axudas sociais de emerxencia ás persoas e familias afectadas pola pandemia, por consideralo incluído nos supostos exceptuados da suspensión de trámites e interrupción de prazos de tramitación pola súa directa vinculación cos feitos xustificativos do estado de alarma, a protección do interese xeral e o funcionamento básico dos servizos sociais.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 800.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 (“*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*”) para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2020, dacordo coas Bases do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2020» da Concellería delegada de Política de Benestar social (Exp. nº 194514/301) aprobado na Xunta de Goberno Local do 30.12.2019 e dotado inicialmente con 922.000€.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 06:15	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A8A74B-C9DCB6-5H87E8-PS69ZD-U871WP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

TERCEIRO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 06:15	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: A8A74B-C9DCB6-5H87E8-PS69ZD-U871WP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		